

## PRO SUR

Vendéronlle a casa,  
vendéronlle o coche,  
vendéronlle o tractor  
e tamén o remolque.

As leiras que tiña  
vendéronllas en liña ,  
deixárono soio  
coa roupa vestida.

“María, eu son mozo  
pedir non farei  
eu vou polo mundo  
para ganar e ter.

En Galicia vai frío  
i ao sur me vou.  
Adiós, adiós amigos  
do meu corazón!

## ¡PRA A HABANA!

### I

—Vendéronlle os bois,  
vendéronlle as vacas,  
o pote do caldo  
i a manta da cama.

Vendéronlle o carro  
i as leiras que tiña,  
deixárono soio  
coa roupa vestida. —

«—María, eu son mozo,  
pedir non me é dado,  
eu vou polo mundo  
pra ver de ganalo.

Galicia está probe,  
i á Habana me vou...  
¡Adiós, adiós, prendas  
do meu corazón!»